



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/49	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	12 de novembro de 2018
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario accidental	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 5313/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 27.10.2018, polos axentes da Policía Local de Cangas, con número de identificación profesional X e X, referente a solicitude de sinalización en rúa San José; que di:

"Que con relación á instancia presentada por O.F.N., con rexistro de entrada nº 12649, de data 19 de outubro do 2018, no que expón que na beirarrúa sita fronte á floristería da rúa San José, aparcan furgóns e furgonetas de reparto, aportando varias fotografías. E solicita que se adopte algún tipo de medida como a colocación de bolardos, xardineiras ou similares na beirarrúa.

Os axentes consideran que ante a evidencia das fotografías e a inspección ocular da beirarrúa, na que se aprecia que hai restos de aceite dos vehículos que alí estacionan se deberían adoptar algún tipo de medida como poden ser:

- Xirar visitas polo lugar e denunciar infraccións.*
- Por parte do departamento de sinalización, repintar a zona de carga e descarga de 12 metros, que hai nas proximidades e que na actualidade está borrada e o seu control por parte da Policía.*
- E finalmente se persiste o problema colocar bolardos, xardineiras ou similares".*

Expediente 4366/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por R.S.M., para instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de Camiño das Pías, nº X en Francón-Aldán e, visto así mesmo, o informe favorable de data 05.09.2018 emitido ao respecto pola Policía Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a solicitude presentada por R.S.M., con NIF nº X, na que demanda autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente no lugar de Camiño das Pías, nº X en Francón-Aldán.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 5510/2018. Solicitud de baixa de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por E.S.F., na que solicita a baixa do sinal de pasaxe permanente autorizado para a rúa San José, nº X-Cangas, por darse de baixa da actividade do taller.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido en data 08.11.2018 pola policía local, acorda conceder a baixa do sinal de pasaxe permanente que tiña concedido o Sr. S.F. no lugar de rúa San José, nº X, por non existir actividade comercial. A referida baixa de sinal condicionarase ao seguinte:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/da interesado/interesada se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

Expediente 5449/2018. Proposta-informe da inspección tributaria de solicitude de ocupación de vía pública con camión para venda de comida

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi dexado sobre a mesa pendente de mellor estudo, debendo remitir o expediente ao departamento de urbanismo para que procedan á emisión do informe correspondente.

Expediente 5086/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5086/2018.- A "NEDGIA GALICIA SA", titular do CIF nº X, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Lisboa-Edificio Área Central, local X, H-I-J-Polígono das Fontiñas-pl. PB-Santiago de Compostela, para na Avda. de Ourense, nº X-Cangas (X), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha acometida de gas de 13,50 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data 11 de outubro de 2018, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.



Concello de Cangas

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos noventa e tres euros con trinta e seis céntimos (393,36 €), para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 2502/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2502/2018.- Expediente de obras nº X LICENZA Nº X.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a S.G.S. e A.S.R., con enderezo en Vilanova, nºX-O Hío, para nunha vivenda unifamiliar sita no lugar de "As uchas"-Vilanova-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº X (referencia catastral X) e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 30 de outubro de 2018, e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo da mesma data.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 5074/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5074/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.C.F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Baiona, nº X-baixo, para acondicionamento interior de local para lavandería sita no referido lugar (referencia catastral

Concello de Cangas



Concello de Cangas

X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico R.S.C. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a sete mil douscentos dezasete euros con dez céntimos (7.217,10 €).

Expediente 5214/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5214/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por B.R.C., para impermeabilización da cuberta e reparación dunha grieta na fachada da vivenda sita no lugar de Cruceiro, nº X-C-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil oitocentos sesenta e sete euros con cincuenta e oito céntimos (4.867,58 €).

Expediente 5008/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5008/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.B.S., para suplemento de muro de cerramento e substitución de portais no lugar de Baixada á praia de Nerga, nº X-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cincocentos euros (2.500,00 €).

Expediente 7308/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7308/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.G.B., para ampliación de rampla de acceso e cerramento interior no lugar de Camiño da Caína, nº X-San Roque-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos cincuenta euros (750,00 €).

Expediente 5018/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5018/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.B.P., para acondicionamento local para podoloxía sito no lugar de rúa Andalucía, nº X-baixo-local X-X-Cangas-Coiro (referencia catastral X), nunha superficie de 73,00 m²., de conformidade coa documentación presentada polos arquitectos R.A.A., M.F.E. e A.L.N., de data 1 de outubro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dezanove mil douscentos cincuenta e seis euros (19.256,00 €).

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Expediente 3905/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3905/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.M.S., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Vello de Rodeira, nº X-A-Cangas, para desprazamento de cerramennto actual de mampostería en parcela sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada no expediente de data xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a tres mil novecentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (3.987,50 €).

Expediente 5007/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5007/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.H.C., para pintado de fachadas e reparación dun aleiro da cuberta da vivenda sita no lugar de Areacoba, nº X-Espiñeira-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R.S.C. de data setembro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos noventa e un euros con oitenta céntimos (791,80 €).

Expediente 5077/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5077/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.L.R., titular do DNI nº X con enderezo a efectos de notificacións en rúa Escultor Nogueira, nº X-Vigo, para reparación e conservación fachada de vivenda sita en rúa Xareira, nº X-Pinténs-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 15 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a tres mil cento dez euros (3.110,00 €).

Expediente 4920/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4920/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.B.B., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lúa, nº X-Cangas, para cambio de tella en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de acordo coa documentación técnica redactada polo arquitecto técnico B.F.G. de data outubro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

presuposto de execución material ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Expediente 4895/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4895/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO "ALPENDRE", titular do CIF n° X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Lugo, n° X-Cangas, para reparación de fachada principal de edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto J.R.L. de data setembro de 2018 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 10 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a nove mil catrocentos euros (9.400,00 €).

Expediente 4854/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4854/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "GALEON", para pintado de medianeiras en edificio sito no lugar de rúa Félix Ozámiz, n° X-X-Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J.A.F.M. (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a once mil setecentos noventa euros (11.790,00 €).

Expediente 5223/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 5223/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ABADÍA FORMACIÓN SL", para adaptación de aseo existente para uso público en tenda de informática e academia sita no lugar de rúa San José, n° X-baixo-Cangas (referencia catastral X), nunha superficie de 5,30 m²., de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos corenta e cinco euros con vinte e catro céntimos (745,24 €).

Expediente 4597/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística n° 30/2013

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 08.11.2018, referente a expediente n° 30/2013-4597/2018, de restauración da legalidade

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



urbanística, que é como segue:

"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Santa Marta-Darbo, consistentes en: realizar un cerramento a base de tubos de malla metálica sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camino e sen deixar o espazo enrasado co camiño. Non foi realizada a tira de cordas polo técnico municipal.

Con data 28 de maio do 2014, pola Xunta de Goberno Local se inicia procedemento sancionador polos feitos mencionados dos que presuntamente é responsable M.F.N.N.

Considerando que o artigo 164. 2 da Lei do solo de Galicia dispón, que o prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano, contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución producirase a caducidade do procedemento.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente sancionador nº30/2013-4597/2018, incoado a M.F.N.N., en concepto de promotora, procedendo ao arquivo deste.

SEGUNDO.- Notifíquese o acordo á interesada".

Expediente 4602/2017. Corrección de erros de acordo da Xunta de Goberno Local do 24.09.2018 (fase 12 do ARI)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de resolución de data 08.11.2018 da xefa de urbanismo, para corrección de erros na redación do acordo adoptado na sesión de Xunta de Goberno Local de data 24.09.2018 sobre actuacións aceptadas no ARI de Cangas, de acordo co convenio asinado o 26 de outubro de 2017 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Cangas (Prórroga Plan de vivenda 2013-2016) do expediente nº 4602/2018 (Fase 12), que é como segue:

"En data 24 de setembro a Xunta de Goberno Local toma coñecemento do informe emitido en data 19.09.2018 pola arquitecta-directora da oficina de rehabilitación de Cangas, referente ás actuacións aceptadas no ARI de Cangas, de conformidade co convenio asinado o 26.10.2017 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e o Concello de Cangas (prórroga Plan de vivenda 2013-2016).

Detectado un erro na redación do informe da arquitecta-directora da oficina de rehabilitación, no punto segundo no que di: 'Para a 12ª fase foron aceptadas 20 actuacións, ao día da data, das 20 actuacións 1 actuación foi denegada por non cumprir cos requititos, segundo as condicións establecidas na ordenanza municipal e no convenio asinado.'; debe dicir: "Para a 12ª fase solicitaron subvención 21 vivendas e foron aceptadas 20 actuacións, segundo as condicións



establecidas na ordenanza municipal e no convenio asinado'.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

PRIMEIRO.- Que ao abeiro da ordenanza municipal aprobada polo Concello Pleno en sesión de data 5 de abril de 2002, publicada no BOP o día 9 de setembro de 2002, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para as que se solicita a súa cualificación provisional para os efectos do financiamento no marco do Rd 637/2016, de 9 de decembro, polo que se prorroga o plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas 2013-2016, regulado polo Rd 233/2013, de 5 de abril, en virtude do establecido na disposición adicional única do Rd 637/2016 e da Orde de 23 de xuño de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e as axudas autonómicas do Programa de rexeneración e renovación urbanas do devandito plan estatal, segundo o convenio asinado o 26 de outubro de 2017 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Para a 12ª fase solicitaron subvención 21 vivendas e foron aceptadas 20 actuacións, segundo as condicións establecidas na ordenanza municipal e no convenio asinado.

TERCEIRO.- Que os titulares dos expedientes que se tramitaron cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e co Rd 233/2013, de 5 de abril.

CUARTO.- Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licenzas municipais de obras.

SOLICITANTE	DNI	DIRECCION ACTUACIÓN	ORZ. PROTEXIDO	PRAZO EXECUC OBRAS	Tipo actuac.
C.B.B.I.	X	RÚA FONTE DO GALO 11	35.646,46 €	12 meses	Rehab. Vivenda
J.M.F.	X	RÚA SÍNGULIS, 8	21.564,63 €	12	Rehab. Vivenda
D.B.O.	X	RÚA REAL, 8	20.697,80 €	6	Rehab. Vivenda
A.C.I.	X	RUA CEGA, 5	21.813,64 €	6	Rehab. Vivenda
R.T.M.	X	RÚA DO HÍO, 24	25.950,00 €	12	Rehab. Vivenda
R.G.C.	X	RÚA PÍOS, 5	77.054,75 €	12	Rehab. Vivenda
C.C.P.	X	RÚA VALENTÍN LOSADA, 25-1º	9.895,10 €	6	Rehab. Vivenda
C.C.P.	X	RÚA VALENTÍN LOSADA, 25-3ºE BC	10.728,05 €	6	Rehab. Vivenda
C.C.P.	X	RÚA VALENTÍN LOSADA, 25-2º	9.923,79 €	6	Rehab. Vivenda
E.F.M.	X	RÚA DO HÍO, 12-3º	23.970,11 €	12	Rehab. Vivenda
E.F.M.	X	RÚA DO HÍO, 12-2º	13.877,43 €	12	Rehab. Vivenda
E.F.M.	X	RÚA DO HÍO, 12-1º	12.713,02 €	12	Rehab. Vivenda
E.G.M.	X	Montero Ríos, 15	9.204,88 €	3	Rehab. Vivenda
B.M.G.	X	RÚA DO HÍO, 19-3º	26.287,95 €	12	Rehab.



Concello de Cangas

					Vivenda
B.M.G.	X	RÚA DO HÍO, 19-2º A	13.143,97 €	12	Rehab. Vivenda
B.M.G.	X	RÚA DO HÍO, 19-2º B	13.143,97 €	12	Rehab. Vivenda
C.C.C.	X	RÚA PÍOS, 9	10.803,94 €	6	Rehab. Vivenda
C.P.M.R.	X	Montero Ríos, 18 (1º - 2º)	18.535,98 €	6	Rehab. Vivenda
R.N.G.	X	Eirado do Costal, 15	10.082,33 €	6	Rehab. Vivenda

QUINTO.- Consta no Concello toda a documentación relativa a cada expediente, que queda a disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo e demais órganos competentes aos efectos da súa comprobación oportuna ou revisión."

Expediente 5473/2018. Cancelación e devolución de garantía

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de tres mil cincocentos setenta e oito euros con cinco céntimos (3.578,05 €), depositado por G.S.F., con NIF nº X, no expediente de licenza de obras nº X, para responder das obras de urbanización, logo de comprobar que a urbanización se atopa en bo estado.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 5252/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a I.C.G., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento catorce euros con setenta céntimos (114,70 €/mes).

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de novembro de 2018.

Expediente 5250/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a R.S.B., con DNI nº X, e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cento oitenta e un euros con sesenta e cinco céntimos (181,65 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: trinta euros con trinta céntimos (30,30 €/mes).

Número de horas: 15 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de novembro de 2018.

Expediente 5418/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.A.B.G., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12'11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento noventa e tres euros con doce céntimos (193,12 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de novembro de 2018.

Expediente 5416/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.S.V., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicossocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: douscentos cincuenta e seis euros con noventa e oito céntimos (256,98 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de novembro de 2018.

Expediente 5417/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.S.V.V., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Concello de Cangas



Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: douscentos oitenta e sete euros con tres céntimos (287,03 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de novembro de 2018.

Expediente 1827/2018. Aprobación da conta xustificativa do gasto con cargo á subvención concedida para a prestación de servizos de atención temperá

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 08.11.2018, referente a aprobación da conta xustificativa do gasto con cargo á subvención concedida para a prestación de servizos de atención temperá, que é como segue:

"Que en relación coa notificación de resolución de concesión de axuda aprobada, ao abeiro da Orde do 27.03.2018 da Consellería de Política Social, polo importe de noventa e tres mil seiscentos setenta euros con trece céntimos (93.670,13 €), para a xestión individual directa para o período de execución do 01.11.2017 ao 31.10.2018, integrada por tres profesionais con vinculación propia ao concello, cunha dedicación total e adscritos ao grupo I e II.

Vista a documentación que consta no expediente nº 1827/2018, ao abeiro da certificación do interventor municipal, de data do 8 de novembro de 2018 e con base nas atribucións que teño conferidas, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do gasto con cargo á subvención concedida para a prestación de servizos de atención temperá, de conformidade co seguinte:

** Que os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada (01/11-2017-31-10-2018) son de cento once mil novecentos trinta e tres euros con trinta céntimos (111.933,30 €), que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican con cargo ás partidas, 2018/130-2014/131. 2018/130-2014/16000:*

O gasto de C.M.G.M., con DNI X.- Licenciada en pedagogía, Grupo I, ascendeu a un total de corenta e dous mil novecentos euros con trinta e catro céntimos (42.900,34 €).

Novembro 2017.- Salario bruto: 2.603,21.- S.S: 831,16



Concello de Cangas

*Decembro: 2017.- Salario bruto: 4.829,68.- S.S.: 1.017,43
Xanerio 2018.- Salario bruto: 2.334, 36.- S.S.: 831,16
Febreiro 2018.- Salario bruto: 2.334, 36.- S.S.: 831,16
Marzo 2018.- Salario bruto: 2.3334, 36.- S.S.: 831,16
Abril 2018.- Salario bruto: 2.34, 36.- S.S.: 831,16
Maio 2018.- Salario bruto: 2.334, 36.- S.S.: 831,16
Xuño 2018.- Salario bruto: 4.235,49.- S.S.: 831,16
Xullo 2018.- Salario bruto: 2.334, 36.- S.S.: 831,16
Agosto 2018.- Salario bruto: 2.438,74.- S.S.: 854,33
Setembro 2018.- Salario bruto: 2.159,20.- S.S.: 766,69
Outubro 2018.- Salario bruto: 2.463,80.- S.S.: 876,33*

O gasto de J.M.F., con DNI X.- Diplomada en audición e linguaxe, Grupo II, ascendeu a un total de trinta e oito mil setecentos un euros con noventa e dous céntimos (38.701,92 €).

*Novembro 2017.- Salario bruto: 2.325,39 .- S.S.: 738,34
Decembro: 2017.- Salario bruto: 4.442,46.- S.S.: 924,62
Xanerio 2018.- Salario bruto: 2.056,54 .- S.S.: 738,34
Febreiro 2018.- Salario bruto: 2.056,54 .- S.S.: 738,34
Marzo 2018.- Salario bruto: 2.062,54 .- S.S.: 738,34
Abril 2018.- Salario bruto: 2.056,54 .- S.S.: 738,34
Maio 2018.- Salario bruto: 2.056,54 .- S.S.: 738,34
